

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Herdanza literaria

O Centro Ramón Piñeiro recupera publicacións da diáspora

Revistas como *Suevia*, *Galicia*, *Alborada* ou *Alalá* foron analizadas, recompiladas e publicadas en formato CD polos investigadores da institución.

Redacción - 18:34 27/06/2007

O [Centro Ramón Piñeiro](#) recuperou en formato CD varias publicacións da prensa galega emigrante de comezos do século XX. O traballo, dirixido polo profesor Luís Alonso Girgado, inclúe o semanario ilustrado *Galicia*, as revistas musicais *Alalá*, *Alborada*, *Alén Mar* e *Lar Galicián* e mais a publicación rexionalista *Suevia*.

A revista *Galicia*, fundada por Vicente López Veiga, publicouse na Habana de 1902 a 1930. A edición rescatada polo Ramón Piñeiro incorpora índices e un estudo preliminar. Neste destácase a importancia do semanario e dos seus autores na historia cultural do país. A investigadora María Vilariño Suárez, que traballou na recompilación, agradeceu a colaboración do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana e da [Biblioteca Nacional José Martí](#), onde se gardan os exemplares.

As cabeceiras *Alalá*, *Alborada*, *Alén Mar* e *Lar Galicián* editáronse na Arxentina na primeira metade do século XX. Todas elas cunha importante presenza da nosa lingua, estaban dedicadas á divulgación musical e cultural. Por último, *Suevia*, fundada en Bos Aires en 1913 e dirixida por Joaquín Pesqueira, caracterizouse pola súa loita reivindicativa por Galiza dende un punto de vista rexionalista.

Estudo sobre Amador Montenegro

Así mesmo, o Centro Ramón Piñeiro presentou un estudo e recompilación da obra narrativa de Amador Montenegro Saaavedra, escritor nado en Compostela en 1864 e que morreu en Lugo en 1932. O traballo estivo realizado por Isabel Mociño, lectora de galego na Universidade de Euskadi, e por Eulalia Agrelo, profesora na Universidade de Deusto, baixo a dirección de Modesto Hermida.

Montenegro foi un dos autores do Rexurdimento que máis se preocupou por facilitar o acceso á lingua, con obras de fábulas e contos. Tamén foi o primeiro académico que fixo un discurso integramente na nosa lingua ao ingresar na [RAG](#).